

Ricardo Martínez-Conde

ENTARDECE



Zadar eds.

Entardece



© Ricardo Martínez-Conde
<https://ricardomartinez-conde.es>

© Zadar ediciones

© Imaxe de portada: F.R.F.M.

Primeira edición, 2025.


Impreso por Liberis.

Depósito Legal: M-18766-2025

ISBN: 979-13-990127-0-5

Ricardo Martínez-Conde

Entardece



Zadar eds.

Aos meus pais

*A árvore, a praia, a flor, a ave
os beijos merecidos da verdade*

Pessoa

PRELUDIO

Camiña quedo.
As árbores estiman
a certidume

O río nace
sen nome nin destino.
Como memoria?

Noite e ledicia.
Agora virá a mañá:
amores novos

Na primavera
vagan paxaros lentos
cara ó lecer

Canta a curuxa;
a espera acomoda
ao son da noite

Estar a soas
propicia a cerimonia
do Outono

O veleiro, só,
dubida na noite.
Dubida só

Dende a ribeira
o mundo é grande, vello;
eu so espero

Cando a dorna
asoma dende o cabo,
ai!, doado amor

Din, din, din, din...
A campaña xa o di:
o día esvae

Música fráxil.
O verdadeiro entoa
reclamos de amor

A lúa pensa
que todo ser amado
naceu coa noite

O novo día
pinta todo de cores,
tal como un neno

As flores núas
teñen o pudor triste
de quen espera

Non estou certo.
Tén amores a néboa
co mar de outono?

Esa musica
que agarda cada día
á última luz!

Ninguén ao lonxe.
A soidade non é,
pero semella

Cando a noitiña
un paxariño canta,
outro dubida

No tendal, fora,
o sol esvaecendo
na intimidade!

Dentro da igrexa
acubilla o solpor
como un rezo

El agarima.
Ela sorrí sen mirar.
Eles confían

Un vento agre
ameaza ó loureiro:
gaivota avolta

Zoan as follas,
enche de sons o río
agora a soas

O mariñeiro,
un camiño por facer...
Lene bruma

Pingas do ceo;
tódolos días febles
son eternos

Ceo infantil;
nace o arco da vella,
chegou abril

Vede o pardal
coa feitura vella
de case sempre

O mar falaba;
contou lendas, historias
do Mar de fora

Vai de baleiro?
Xa pousa o sol no mar,
morna quietude

E se non chove
a bubela escoita
cancións de outono

Néboa en calma,
non deixa de meditar
cando eu a miro

O vento zoa,
advirte seriamente
que todo pasa

O camiñante
non decide de seu,
espera á lúa

E si facemos
da viaxe infinita
unha certeza!

Canto baleiro
cando todo se garda:
zoa o silencio

No camiño vai
ese canto arrolado
da vella rula!

Non esmorece
o tempo, só son eu
que dubido

Chega unha onda,
parece que alguén sorrí;
deita outra onda

Xa pouco queda
desta noite tan simple
á que lle falei

Chuvia sen nome
e sen embargo libre
de tan miúda

Se voan lentos
quere dicir que hoxe
xa vai outono

Só unha pinga
quedou a soas na flor:
non dixo nada

E de camiño
gardas tamén segredo
da túa conciencia

ANDANTE, MA NON TROPPO

Cando xa neva
tódalas cousas miran
cara ó silencio

Na baixamar
non atende á saída
o peixe novo

O verme, calmo,
vai facendo calceta
en terra húmida

Se chove no ceo
non chegará ata nós,
mais conmove

Veñen do Outono
lixeriras e núas
as vellas follas!

Qué pouco chega
de tanto mar ao lonxe
ata a ribeira

Cal é o soño
desa lúa dormente,
liviá e nova?

Vai marusía.
Descoñezo se os peixes
sofren mareos

Eu vou andando
camiño da paisaxe,
mais non chegarei

Non teñen fogar?
A gaivota vai no ceo,
a folla na auga

A morna choiva
ven na miña redención,
vencéllase a min

Hai alguén aí?
A mañanciña núa
garda de si?

Unha tarde tal
co seu rumor de nubes
o merlo cantou

A tenue rula
foxe da invernía?
Só adurmiña

Todo se garda
cando o grave inverno
fecha a faena

No mar miúdo
os sucesos ocorren
moi paseniño

Non ao receo:
a árbore non treme,
só ten vergoña

A néboa chegou
e agranda o murmurio;
logo esvaerá

Paisaxe triste;
ou é o ceo quen fai
finxir negrura?

ao amigo Nacho

Cando chegaron
os paxaros do norte?
Canto durmido

En lúa nova
a bolboreta voa
como silencio

Sempre deitaba
esperando a marea:
cerca dos soños

Veñen de lonxe
as anovadas ilusións:
aves que migran

Vella tarefa:
a lagoa das grúas
da as instrucións

A folla a soas
saúda? Ironiza?
Vai brisa fría

Non, non é así:
a pega non asexo
o teu silencio

Quería facer
un paporrubio cantor;
non tiña cores!

Se tento amañar
non teño mar para min,
non son gaivota

Coa nova estación
chegarán as certezas,
as incertezas...

O neno quere
sentir o caer da pinga
dende a folla

ao Sr. Cunqueiro

Tiña un desexo
de cor para o Outono:
virá o fucsia

Cando sube o mar
as fochas rememoran
ós seus peixiños

O corvo espera
cando sexa o momento
de peteirar

Ouvir o amencer,
mimar a natureza,
morrer en nacer

O vento zoa
por si houbera un veleiro
nese desexo

De qué está feita
a lúa que adurmiña
alta e soa?

Houbo unha noite
que do ceo colgaron
moitas estrelas

Pinga nas follas.
Os días van tranquilos
baixo da chuvia

FINALE

Vella cordura
O pardal ben se lembra
doutros silencios

Tomou a folla,
ollou cara ó ceo:
sorriu para si

Na vimbieira
pousa a chuvia miúda;
benvido Outono

Cambia de fogar
mais non esquecerá, non,
a anduriña

Cando vai sol
o río non descansa:
fala da auga

Novo xermolo
acubilla na rama,
que ben feitoño!

A lavandeira
brinca na herba, leda:
a mañanciña!

Eu ben quixera
que o río nunca canse
do seu devagar

O que miramos
corresponde ao silencio
do que vemos

Vexo á laverca
entrar, saír da nube
sen desfacela

Cando non chove
a liberdade é grande,
pero sen nome

As bolboretas:
saías, panos, ás, flores
cotiás do verán

Ollar cara ó mar,
contar ben as ondas
non desadoiten!



Gústame a artesanía elaborada
con palabras, e nese xogo
confío que o lector obteña
emoción, dúbida, silencio...

Este libro, *Entardece*, de Ricardo Martínez-Conde,
acabou de se imprimir o día 12 de novembro de 2025.
O verso breve destella, ilumina e desaparece.

A lúa pensa
que todo ser amado
naceu coa noite

*

O mariñeiro,
un camiño por facer.
Lene bruma

*

A néboa chegou
e agranda o murmurio;
logo esvaerá

*

Sempre deitaba
esperando a marea:
cerca dos soños



Zadar eds.